

XORNADA DE EDUCACIÓN VIAL

O martes 13 saímos do cole ás 10 da mañá os alumnos de 3º, 4º, 5º e 6º, acompañados das titoras, do profe Iván e da profe Alba. Chegamos ao recinto de Expourense a iso das 11. Estábanos agardando un policía local de Ourense que foi o noso monitor ao longo da mañá.



Cando entramos puidemos ver que alí tiñan unha cidade en miniatura. Era un circuito con estradas, árbores, casas, semáforos e outro tipo de sinais. Tamén había un grupo de bicicletas e outro de karts. O monitor explicounos un montón de cousas sobre a educación vial: o nome das sinais e para que servían, o importante que era que as respetasemos, para que servían as rotondas, como circular por elas... mentres facíamos un recorrido a pé polo circuito para que nos quedara máis claro por onde nos íamos mover.

Cando xa sabíamos todo o necesario repartiunos en dous grupos para montar nas bicis ou nos karts, para iso puxemos un gorro desechable na cabeza e logo un casco. Tiñamos que ir moi atentos e non só polas sinais, senón porque os compañeiros tamén circulaban preto de nós. Foi moi divertido. Ao rematar, o policía deulle a unha compañeira de 6º curso un bolígrafo por ser a que mellor se portara e tamén a que mellor fixera o circuito.



Ao saír de Expourense tiñamos moita fame e collimos o autobús rumbo a Allariz. Alí paramos á beira do río para comer os bocadillos e a froita. Despois de xantar fomos a un parque cercano a xogar e tamén fixemos un par de carreiras onde participaron a profe Rosa e o profe Iván.



Sobre as 15 horas chegou o autobús a recollernos e levarnos de volta ao cole. Foi unha saída moi interesante e pasámolo xenial.

